

GALITZIA, outra



O autor do artigo no campo de exterminio de Auschwitz II-Birkenau

ANTÓN FORTES TORRES

Licenciado en Filoloxía Hispánica e Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago. Exerce como catedrático de Lingua e Literatura Galegas no instituto de Bacharelato da súa cidade natal, Sarria. Ten inéditos diversos traballos especializados sobre José Régio, Marcel Proust e Blanco Amor. Como poeta: "Figuras masculinas de medio-corpo", (1997), "Sexto Fetiche", (2001), "Abstrusos", (2005)

Nun luscofusco de mediados de agosto chegamos a Kraków (Cracovia) despois dunha longa viaxe desde Vigo con escalas en Madrid e Frankfurt. No aeroporto agardábanos unha guía louca que nun español seco nos foi explicando as peculiaridades desta magnífica e antiga capital do *voivodato* mentres nos dirixiamos ao Hotel Orbis. O que máis me sorprendeu no traxecto foi a cantidade de espazos verdes (xardíns, sobre todo) e o estilo teutónico da arquitectura.

"SOLA CRACOVIA EST POLONIA"

Aínda que centro cultural e artístico da *Mitteleuropa* que literaturizou Vicente Risco, non foron razóns nacionalistas as que me trouxeron a esta cidade do Vístula, nin tampouco os poemas do premio nobel Czeslaw Miłosz, senón o ronsel de dous escritores foráneos, Paul Celan e Primo Levi, vítimas superviventes dos campos de exterminio nazis. Ademais de Miłosz (autor de *O canto á independencia*, *A*

Radicada no leste europeo, a cabalo entre varios estados (o sur de Polonia, o occidente de Ucraína), Galitzia é a terra dos galicianos, polacos uns, rutenos outros. É á Galicja polonesa a onde nos diriximos. Invadida por mongois, colonizada polos alemáns, tomada por Austria, República Independente no s. XIX, ocupada polos nazis, reconquistada polos soviéticos..., é un crisol fronteirizo e unha ponte entre culturas, que a fan un destino singular. Se a isto engadimos a homonimia co noso país, como evitar a curiosidade?


salvación), Polonia computa outros tres nobeis: Henryk Sienkiewicz, Wladyslaw Reymont (*Terra da gran promesa*) e Wislawa Szymborska. Con Federico Chopin, ou un músico contemporáneo da grandeza de Krzysztof Penderecki; con cineastas como Andrzej Wajda ou Krzysztof Kieslowski, e co *Cricot 2* do dramaturgo Tadeusz Kantor, hai razóns abundas para visitar este país con reberetes de lenda.

Pero volvamos á Cracovia nocturna que segue evocando a etapa da autonomía de Galitzia, a finais do século XIX, cando era a súa capital bohemia... Deixamos a equipaxe nun cuarto pequeno con decoración floral e saímos pola rúa (*ulica*, en polaco) Szewska, chea de cervexarías e restaurantes, cara ao Rynek Clówny, o Mercado Central. E de súpeto, no corazón da cidade, volviamos á idade media: a escuridade era case total. A través dos pórticos do Mercado de Panos (Sukiennice), que ocupa o centro da praza, só se entrevía o fulgor tenue das lámpadas que alumaban o quefacer dos tendeiros retardados pechando os últimos bazares de ámbar e iconas. Marisa, da editorial OQO, e mais eu botamos a rir. Era una sorte de sorpresa feliz e de deslocalización. Cruzamos a portada central, e en total penumbra enxergamos a estatua de Adam Mickiewicz, símbolo romántico da escura historia polaca. Ao seu redor, universitarios e turistas gozaban do silencio e a beleza noitébrega da maior praza medieval de Europa.

De día, as casas burguesas que a flanquean, as igrexas, a torre do concello, os pazos, dannos unha idea distinta: estamos ante un fresco da historia arquitectónica desde o románico até o estilo *Liberty*, pasando polo renacentista, barroco, etc. Nós, que non encontramos a cor anunciada na Mesquita Azul de Istambul, viñemos atopala dun xeito total e estrelada no interior da Kosciól Mariacki (igrexia da Asunción), que alberga –xa parezo do Guinness– o meirande altar gótico europeo. Impresiona tanto azul e tanto fervor. Chagall gozaría do lugar.

Buscamos os cafés de artistas e intelectuais (o *Jama Michalica*), o *Collegium Maius* onde estudou Copérnico, e acabámonos perdendo polas tantas galerías de arte e recantos que seducen o visitante.

Se alguén quixer evocar a etapa soviética, debería ir á cidade satélite de Nowa Huta (Nova Fundición), un barrio industrial que contrasta coa



Plano de Cracovia

Cracovia burguesa e amurallada. Nós buscamos outra cousa, por iso collemos o tren cara a Oswiecim (Auschwitz). Levabamos na memoria a bibliografía de Primo Levi e os poemas de Celan. Madrugamos, e ás 7 a.m., despois de andar as rúas desertas da vella Cracovia, pasando a carón da porta de San Florián e preto do pazo da Ópera, chegamos á estación. Alí un *cazaturistas alemán*, paradoxos do tempo, ofreceunos unha viaxe en coche particular e a visita a Auschwitz I e Auschwitz II-Birkenau por un avultado prezo para a renda media local. O chofer, un galiciano moreno de bigote, osudo e afábel, que se expresaba por xestos acompañados de verbas infestadas de fricativas e palatais, fixo da viaxe unha magnífica experiencia; a partires dun punto, comezou a chover a ballón, e gardamos silencio, como se a proximidade do horrible destino esixise un recolleemento entre panteísta e relixioso. A paisaxe era dun verde claro con fondo grisáceo, nunha planicie salpicada de casas e granxas de madeira, iguais ás que Primo describe, con xardíns e un *modus vivendi* agrícola-gandeiro parecido ao noso do interior. As estradas eran antigas e descoidadas, para pouco tráfico, e bordeadas de vexetación até as mesmas beiravías: abetos, piñeiros, e algunhas faias e aciñeiras dispersas. De cando en vez, pola fiestra dunha casa asomaba algún madrugador. Era inevitábel un pensamento: Que non vería aquela paisaxe?



Mercado dos Panos



Pazo da Ópera



Outeiro do Wawel, coa catedral de San Wenceslao



Igrexa de San Pedro e San Paulo



Porta de San Florián

Ás oito, lemos o fatídico *Arbeit macht frei* (O traballo faivos libres), e cada quen reprimiu o pranto como soubo. Percorrimos sós os *Blocks*. É incríbel como os museos acochan o horror. Sen a literatura, aquilo sería como un conxunto de instalacións feitas por artistas (plásticos) poloneses; pero, de pronto, uns zapatíños gastados, e aquela quincena de nenos xudeus dos que fala Semprún en *A longa viaxe* (*Le grand voyage*) golpéame nesa parte misteriosa da memoria. Canto horror!

En Birkenau, o maior cemiterio do mundo –volvo ás marcas–, deixamos unha bandeira de *Nunca Máis*, e xa non seguimos a Monowitz, onde Levi traballou como escravo para a Farben, porque xa hai demasiadas cousas que non comprendemos, e é mellor regresar...

Despois dun calado café con pasteis, pensabamos visitar a galería de pintura do Museo Czartoryskich; acabamos deleitándonos cos pazos estucados da rúa Jana (na parte norte da cidade vella), onde é doado atopar nos pequenos restaurantes de deseño, con terraza, un ambiente xuvenil universitario e cosmopolita semellante ao da nosa Compostela. Rodeados de arte, a cervexa polaca aledounos a tardiña.

Pola mañá de domingo, descendemos a rúa Grodzka, circundada de pazos e igrexas; contornamos o outeiro do Wawel, panteón místico da nación, co castelo real (Zamek) e a gótica catedral de San Wenceslao e San Estanislao –que alberga a cripta das tumbas dos reis de Polonia e que visitaremos pola tarde–, e dirixímonos ao mercado dominical de Kazimierz, o antigo barrio xudeu, onde estivo radicado o gueto e de onde saíron os xudeus de Oskar Schindler, que retrata Spielberg no seu filme sobre a *shoá*. Nos documentais que proxectan na Sinagoga de Isaac revivimos aquel período escuro. Para sorpresa nosa, atopamos o “Galicia Jewish Museum”, e perdémonos polas prazas, sinagogas, cemiterios, cafés, merca-

dos... deste arrabalde un pouco abandonado que mantén a calma, e asemade a evocación doutros tempos terribes que afloran á conciencia ao lembrarmos fotografías co muro do gueto, cos tranvías, coas estrelas de seis puntas, pero que borran por momentos a exquisita cociña dos seus restaurantes, as sobremesas deliciosas, e o fragor da compravenda.

Nun local ateigado de mozos, un rapaz roxo toca o violín. O Celan de *Fuga da morte* que buscabamos fai aparición:

“... tocade máis sombramente os violíns

logo subiredes como fume no ar
logo teredes unha fosa nas nubes
alí non hai estreitura.”

Bendita poesía!

Para os que queirades itinerarios, podedes facer a chamada Rota dos Niños de Aguia (Szlak Orlich Gniazd) polos castelos de Bobolice, Mirow..., ou visitar o Santuario-Mosteiro de Jasna Góra en Czestochowa, ou as minas de sal de Wieliczka, ou ir cara ao leste, en dirección a Ucraína: as cidades parécense todas, reconvertidas en zonas industriais (mecánica e química), mais conservan unha zona antiga, de orixe medieval, vertebrada arredor da Praza do Mercado, onde se agrupan a Casa do Concello (o Ratusz), algunha igrexa, o museo e, ás veces, vixiando o conxunto, o castelo. Unha sensación de tranquilidade invádeo todo.

De volta de Galitzia, da outra, un ten a sensación da urxencia da aproximación entre as terras europeas que se atopan nas periferias do leste e do oeste, porque é imposible unha Europa política entre descoñecidos. E parafraseando a Levi, eu, que vivo seguro na miña casa caldeada, que atopo, ao volver pola tarde, a comida quente e os rostros amigos, penso que non debemos esquecer nunca a outra Galitzia nin o que alí pasou, e tampouco descoidar agora, en tempo de cambio galego, esta Galiza, a nosa ■

© Antón Fortes Torres,
para *Terra e Tempo*.